

FEIRA GALEGA DAS ARTES ESCÉNICAS 2010



XUNTA DE GALICIA

FEIRA GALEGA DAS ARTES ESCÉNICAS 2010

DO 18 AO 21 DE OUTUBRO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Cultura e Turismo
Axencia Galega das Industrias Culturais
Santiago de Compostela
2010

Organiza

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

www.agadic.info/feira

981 57 71 26

Director da Agadic

Juan Carlos Fernández Fasero

Coordinación

María Paredes

Mónica Santos

Coordinación programadores

Xocas López

Maite Neira

Coordinación técnica

Francisco Veiga

Publicacións

Marcelina Calvo

Alberto Santamaría

Comunicación

Ana Rosales

Ana Miragaya

Deseño e produción gráfica

Uqui Cebra

Web

Abertal

Co agradecemento a todos
os que colaboran na Feira Galega
das Artes Escénicas 2010

A Feira Galega das Artes Escénicas celebra do 18 ao 21 de outubro de 2010 a súa décimo oitava edición como a principal cita do ano para o teatro e a danza galegos, afianzada na súa dobre función de escaparate para a exhibición de espectáculos e de espazo de mercado para a súa contratación. Seis escenarios de Santiago de Compostela acollen o cartel artístico deste ano, que presenta as novas propostas de 21 compañías, 18 delas galegas e 3 andaluzas, así como un programa paralelo no que

destacan os *showcases* de danza e a actividade arredor da zona de expositores.

21 espectáculos: 17 de teatro,
3 de danza e 1 de novo circo

21 compañías: 18 galegas e 3 andaluzas

3 *showcases* de danza

6 espazos de exhibición

Zona de mercado con 16 expositores

Máis de 150 profesionais de
toda a Península acreditados

Máis de 150 profesionais (programadores, distribuidores, produtores e demais axentes culturais) de toda a Península asisten a este encontro, que ten como principal obxectivo promover a presenza de compañías galegas nas programacións que confeccionarán os diferentes teatros, auditorios, circuítos e festivais cara á próxima temporada escénica.

A este propósito obedece a oferta de bonificacións á distribución exterior, da que

os programadores de fóra de Galicia que contraten producións galegas durante a Feira poderán beneficiarse.

O cartel de 2010, no que figura o teatro, a danza e o novo circo, foi seleccionado en función dos niveis de distribución na Rede Galega de Teatros e Auditorios e atendendo a criterios de calidade, innovación e actualidade das propostas presentadas. Ademais, e na meirande parte dos casos, as montaxes exhibidas atópanse no inicio do seu periplo polos escenarios, polo que os programadores asistentes teñen na Feira a mellor oportunidade de tomarlle o pulso á máis recente produción escénica galega.

A Sala Capitol e a Aula de Cultura de Caixa Galicia súmanse este ano ao Teatro ARTeria Noroeste-SGAE, Sala Mozart do Auditorio de Galicia, Salón Teatro e Teatro Principal como escaparate das propostas artísticas. O Auditorio repite como sede principal da Feira Galega das Artes Escénicas, onde se localiza a oficina de coordinación, os expositores, un dos escenarios e mais o restaurante, o que fará deste edificio o lugar de encontro e de operacións por excelencia durante os días de Feira.

Auditorio de Galicia

(Avda. do Burgo das Nacións, s/n)

Sala circular 

Sala Mozart 

ARTeria Noroeste-SGAE

(Finca Vista Alegre | Rúa Salvadas s/n)

Teatro 

Adro 

Aula de Cultura de Caixa Galicia 

(Carreira do Conde, 18)

Sala Capitol 

(Rúa Concepción Arenal, 5)

Teatro Principal 

(Rúa Nova, 21)


Salón Teatro 

(Rúa Nova, 34)

Hotel Congreso

(Estr. da Estrada, km. 3)

 Sala Mozart

 Sala circular
Zona de mercado
e contratación

AUDITORIO DE GALICIA

Sede da Feira



 Hotel Congreso

12.00 h **Centro Coreográfico Galego**
Sonata para dous

12.15 h **Apertura da Feira Galega das Artes Escénicas 2010**

12.15 h
Fallo dos premios **Álvaro Cunqueiro, Manuel María e Barriga Verde 2010**

13.30 h **Petiscos de benvida no Restaurante do Auditorio**

M 10.30 h
Galitoo
Botazz! O swing do jazz
50' | Infantil

A 12.00 h
La Rous
La casa del abuelo
60' | Infantil

A 13.05 h
DLoira
Tulipanes
15' | Showcase de danza

M 10.30 h
Ghazafellos
Frankenstein
80' | Infantil

A 12.15 h
Titeres Tropicall
O día que chegou unha nube e choveu
30' | Infantil

A 12.50 h
Entremans
Sí quero
15' | Showcase de danza

11.00 h **Presentación dramatizada do nº 64 da Revista Galega de Teatro (RGT)**

A 12.00 h
Caramuxo Teatro
Mensaxe sen botella
45' | Infantil

A 12.50 h
Janet Novás
Cara pintada, el salto de la rana y otras pequeñas historias
15' | Showcase de danza

13.30 h-15.30 h **Xantar** Restaurante Auditorio de Galicia

M 16.00 h
Ónfalo Teatro
Na meta
(*sálvese quen poida*)
90'

C 18.30 h
Teatro del Velador
Hildegard | 60' | Danza

P 20.15 h
Teatro do Morcego
A Nona | 90'

S 23.15 h
Teatro de Ningures
Homes... mulleres: o paraíso terreal | 110'

G 16.30 h
Santiago Cortegoso
A filla de Woody Allen
70'

C 18.00 h
lagarta lagarta
Cásting (a comedia) | 105'

P 20.15 h
SÓLADOSneodans
Sólodos | 60' | Danza

S 23.15 h
Sarabela Teatro
O incerto señor don Hamlet | 90'

G 16.30 h
Abada Teatro-Carlos Blanco
Ordem e progreso | 90'

C 18.30 h
Teatro do Atlántico
Memoria de Helena e María | 80'

P 20.15 h
Elefante Elegante
In | 75'

S 23.15 h
Talía Teatro
Volpone | 105'

M 16.00 h
Histrión Teatro
Del maravilloso mundo de los animales: los corderos
70'

C 18.30 h
La Macana
Shure PG48 | 50' | Danza

P 20.15 h
Producións Teatráis Excéntricas
Un cranio furado | 90'

S 23.15 h
Lusco e Fusco, Arrepentimentos de Padrón, Rocés e Goces, Duelirium, Almacabra Teatro-Circo
Circo á feira, racións de Novo Circo Galego
90' | Circo

VENRES 22

11.00 h **Asemblea xeral da Rede Galega de Teatros e Auditorios**

ZONA DE MERCADO E CONTRATACIÓN

Auditorio de Galicia
10-13.30 h e 15.30-18 h

OFICINA DE COORDINACIÓN DA FEIRA

Tel.: 618 029 800
981 577 126 (ext. 103)
www.agadic.info/feira

EXPOSITORES

Talía Teatro
Magos Profesionais de Galicia–MPG
Asociación Galega de Novo Circo PISTACINCO
Mago Teto
Asociación de Actores e Actrices de Galicia–AAAG
DANESGA. Asociación Profesional Danza Escénica Galega
Altega – Educación e Lecer
Palimoco Teatro
Teatro do Morcego. Compañía residente de Narón
Elefante Elegante
Kachet
Teatro de Ningures
Área de Cultura da Deputación de Lugo
Kukas Producións Artísticas – Os Monicreques de Kukas
AGASE
Escena Galega
Teatro Galileo

ESPECTÁCULOS

Ónfalo Teatro

Na meta (sálvese quen poida)
Luns 18 | 16 h
Auditorio de Galicia, Sala Mozart

Teatro del Velador

Hildegard
Luns 18 | 18.30 h | Sala Capitol

Teatro do Morcego

A Nona
Luns 18 | 20.15 h | Teatro Principal

Teatro de Ningures

*Homes... mulleres:
o paraíso terreal*
Luns 18 | 23.15 h | Salón Teatro

Galitooon

Botazz! O swing do jazz
Martes 19 | 10.30 h
Auditorio de Galicia, Sala Mozart

La Rous

La casa del abuelo
Martes 19 | 12 h
ARTería Noroeste-SGAE

Santiago Cortegoso

A filla de Woody Allen
Martes 19 | 16.30 h
Aula de Cultura de Caixa Galicia

Iagarta Iagarta

Cásting (a comedia)
Martes 19 | 18 h | Sala Capitol

SÓLADOSneodans

Sólodos
Martes 19 | 20.15 h | Teatro Principal

Sarabela Teatro

O incerto señor don Hamlet
Martes 19 | 23.15 h | Salón Teatro

Ghazafelhos

Frankenstein
Mércores 20 | 10.30 h
Auditorio de Galicia, Sala Mozart

Títeres Tropicalllo

*O día que chegou
unha nube e choveu*
Mércores 20 | 12.15 h
ARTería Noroeste-SGAE

Abada Teatro-Carlos Blanco

Ordem e progreso
Mércores 20 | 16.30 h
Aula de Cultura de Caixa Galicia

Teatro do Atlántico

Memoria de Helena e María
Mércores 20 | 18.30 h | Sala Capitol

Elefante Elegante

In
Mércores 20 | 20.15 h
Teatro Principal

Talía Teatro

Volpone
Mércores 20 | 23.15 h | Salón Teatro

Caramuxo Teatro

Mensaxe sen botella
Xoves 21 | 12 h
ARTería Noroeste-SGAE

Histrión Teatro

*Del maravilloso mundo de
los animales: los corderos*
Xoves 21 | 16 h
Auditorio de Galicia, Sala Mozart

La Macana

Shure PG48
Xoves 21 | 18.30 h | Sala Capitol

Producións Teatráis

Excéntricas
Un cranio furado
Xoves 21 | 20.15 h | Teatro Principal

Lusco e Fusco,
Arrepentimentos de Padrón,
Roces e Goces, Duelirium,
Almacabra Teatro-Circo
*Circo á feira, racións
de Novo Circo Galego*
Xoves 21 | 23.15 h | Salón Teatro

SHOWCASES

DLoira

Tulipanes
Martes 19 | 13.05 h
Adro ARTería Noroeste-SGAE

Entremans

Sí quiero
Mércores 20 | 12.50 h
Adro ARTería Noroeste-SGAE

Janet Novás

*Cara pintada, el salto de la
rana y otras pequeñas historias*
Xoves 21 | 12.50 h
Adro ARTería Noroeste-SGAE

Luns 18 | 16.00 h | Sala Mozart (Auditorio de Galicia)

Adulto | Teatro de actor | 90 minutos

ÓNFALO TEATRO

Na meta (sálvese quen poida)

Na meta (sálvese quen poida) é unha comedia negra sobre o éxito e o fracaso. Unha revisión humorística sobre o camiño cara á meta de cadaquén e o que nel se perde e se gaña.

Unha nai de armas tomar saca a súa metralladora verbal e fai saltar polos aires algúns dos piares da sociedade. A nai viúva e a filla solteira reproducen dinámicas de dependencia, tiranía e submisión. Un escritor dramático xove, que acaba de triunfar no teatro coa súa obra *Sálvese quen poida*, diríxese cara á meta das dúas espectadoras que orquestran esta comedia cáustica. Unha primeira parte na que se fan as maletas e unha segunda na que se desfán. Uns personaxes que deixan saír os monstros que a meirande parte das persoas agochamos. O riso terrible do coñecemento.

Un espectáculo no que o discurso de Bernhard e a acción escénica se potencian coas linguaxes da danza, a instalación, a *performance*, o *clown*, a acrobacia e outros recursos que enriquecen a plasticidade e afían o significado da obra.

Ónfalo Teatro, S.L. (Lugo, 2009) inaugurou a súa traxectoria con *Neuras*, de M.X. Queizán, espectáculo que, despois da súa estrea (Cangas, 18 de novembro de 2009), acadou un grande éxito nos teatros polos que pasou. Comedia para escachar de risa, sobre as "neuras" da sociedade contemporánea e urbana. Un espectáculo que xoga a darlles a volta aos estereotipos e ás novas formas de identidade que xorden coas modas, cunha linguaxe visual atrevida, con números musicais, de maxia e de cabaré.

O segundo espectáculo, *Na meta (sálvese quen poida)*, é unha comedia de humor negro sobre o éxito e o fracaso. É a estrea en Galicia de Thomas Bernhard, en coprodución coa MIT Ribadavia (17/07/10). Mestura danza contemporánea, teatro de texto, *clown*, *performance* e números de maxia, nun contexto escenográfico que apunta cara á instalación e as artes plásticas.

Actualmente Ónfalo Teatro ofrece dous espectáculos, sorprendentes tanto na súa posta en escena como nos seus contidos: unha comedia rosa e delirante, *Neuras*, e unha comedia negra e corrosiva, *Na meta (sálvese quen poida)*.

Autoría: Thomas Bernhard

Dirección e dramaturxia:

Ana Contreras, Afonso Becerra de Becerreá

Escenografía: Diego Costa

Iluminación: Ana Contreras

Son: Ana Contreras

Vestuario: Diego Costa

Elenco: Luísa Merelas,
Rut Balbis, Toni Salgado

Tel.: 986 116 940 / 654 782 286

onfalosli@gmail.com

www.onfaloteatro.blogspot.com

A woman with curly hair, wearing a dark sleeveless top and a light-colored skirt, sits on a wooden chair. She has a distressed expression, with her mouth open and one hand raised. The room has dark wallpaper with a pink floral pattern. Several floor lamps with different shades of lampshades are visible. In the foreground, another woman lies motionless on the floor, wearing a light-colored lace-trimmed top and dark shorts. The floor is covered with scattered red and pink petals. The text "NA META (SÁLVESE QUEN POIDA)" is overlaid in white, sans-serif font across the center of the image.

NA META
(SÁLVESE
QUEN POIDA)

TEATRO DEL VELADOR

Hildegard

Un mozo fálanos de súa nai, á que nunca coñeceu. Todo canto sabe de súa nai é por unhas poucas cartas que dela lle chegaron. O mozo narra e deixa correr a imaxinación, inventa a súa nai. Imaxínaa como unha muller sutil e bela e crea sobre o escenario diferentes imaxes da nai, sempre bailando, sempre en festas. O mozo recrea as secuencias da vida da nai e gárdaas calidamente na súa alma. Son delirios aos que se aferra para identificarse. Son sombras dunha realidade proxectada que, desde o noso papel de testemuñas, debemos catalogar como síntomas da súa carencia. Obviamente, os fitos e iconas con que construímos as nosas biografías aséntanse sobre piares moito máis sólidos... non?

Produccións:

Hildegard (2010), *Dröppo* (2009), *Las gracias mohosas* (2008), *La noche* (2008), *El deseo atrapado por la cola* (2007), *Chacona* (2006), *El patio* (2005), *La belle cuisine* (2004), *La cárcel de Sevilla* (2003), *Svo-zos* (2000), *El jorobado de la catedral* (1997), *Rey para una tarde lluviosa* (1995), *Estop* (1994), *Pasa el tiempo poco* (1994), *La camarera* (1993), *El recreo* (1993), *Viaje al teatro* (1991), *PIT T* (1990).

Premios:

Premio á mellor interpretación feminina por *La belle cuisine*, concedido pola Feria de Teatro en el Sur (2005); premio ao mellor espectáculo, mellor dirección e mellor interpretación masculina por *La cárcel de Sevilla*, outorgado pola Feria de Teatro en el Sur (2003); premio á mellor escenografía, mellor iluminación e mellor vestuario por *Svo-zos*, na Feria de Teatro en el Sur (2001); premio á mellor interpretación feminina e mellor música por *El jorobado de la catedral*, concedido pola Feria de Teatro en el Sur (1997), e premio ao mellor espectáculo por *El recreo*, outorgado pola Feria de Teatro en el Sur (1993).

Autoría: Juan Dolores Caballero

Dirección: Juan Dolores Caballero

Adaptación: Juan Dolores Caballero

Escenografía: Juan Dolores Caballero

Iluminación: Antonio Valiente

Son: Antonio Valiente

Vestuario: May Canto

Música: Bruno Axel Ruiz

Elenco: Juanjo Macias, Carla de la Fe, María Victoria Díaz, Diana Noriega, Raquel Luque, Bruno Axel Ruiz, Mostapha Bahja

Tel.: 954 653 460

info@teatroelvelador.com

www.teatroelvelador.com

HILDEGARD



Luns 18 | 20.15 h | Teatro Principal

Adulto | Teatro de actor | 90 minutos

TEATRO DO MORCEGO

A Nona

Nunha familia arxentina, de orixe italiana, hai unha avoa (a Nona) de avanzada idade que come sen parar. Mentres a familia camiña cara á ruína, procuran os máis diversos camiños para gañar diñeiro (prostitución, mendicidade, enganar, etc.). Nun momento de desesperación, a familia comeza a tentar asasinar a Nona, pero son os membros da familia os que van resultando mortos nesos intentos por desfacerse dela, ata que, ao final da obra, só queda a Nona.

Teatro do Morcego é unha compañía fundada no ano 1989 polo actor e director Celso Parada e Isabel Ávila que mantén a súa actividade ininterrompida desde entón. Recibiu premios como os Compostela por *Misterio cómico* e *Doberman*, o María Casares por *Lazariño de Tormes* e foi finalista en varias ocasións. Realizou importantes montaxes, como: *O burgués fidalgo*, de Molière; *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao; *A gran ilusión*, de Eduardo de Filippo; *Morte accidental dun anarquista*, de Dario Fo, etc.

Na compañía traballaron e traballan importantes actores galegos, como: Maxo Barjas, Luísa Merelas, Santi Prego, X. Estévez, X. Carlos Mosquera "Mos", Carlos Blanco, Paco Campos, Miguel Varela, Mundo Villalustre, Gonzalo Uriarte, E.R. Cunha "Tatán", Pepa Barreiro, Casilda García, Sonia Rúa, Salvador del Río, etc.

Autoría: Roberto Cossa

Dirección: Celso Parada

Tradución: Celso Parada

Escenografía: Carlos Alonso

Iluminación: David Deive

Son: Anxo Graña

Vestuario: Carlos Alonso

Música: Anxo Graña

Elenco: Miguel Pernas,
Mundo Villalustre, César
Martínez "Goldi", Elina Luaces,
Mónica Camaño, Miguel
Varela, Iolanda Muíño

Tel.: 696 416 401 / 607 225 809

t.morcego@naron.es

morcego@teletel.es

www.teatrodomorcego.com



A NONA

Luns 18 | 23.15 h | Salón Teatro

Adulto | Teatro de actor | 110 minutos

TEATRO DE NINGURES

Homes... mulleres: o paraíso terreal

A parella (ou a súa ausencia) amósase como un dos conflitos fundamentais do individuo na sociedade contemporánea. E é evidente que este conflito pode adoptar múltiples formas e manifestacións. Xera ao seu redor todo un mundo de material emotivo e intelectual. As persoas temos que definirmos: unha parte fundamental da nosa identidade vénnos dada polo estilo de parella que adoptemos (ou pola ausencia dela, voluntaria ou non). Este universo é o punto de partida do proceso de escrita para este espectáculo. Ábrese unha porta na que construímos un amplo abano de personaxes e relacións humanas que son unha fonte inesgotable de humor. Un humor que chegará da identificación por parte do público de situacións e comportamentos observables no día a día: reflexións que están detrás das accións máis cotiás, pero que teñen unha transcendencia fundamental nas nosas vidas.

Despois de máis de vinte anos de actividade teatral profesional, **Teatro de Ningures** (fundada en 1986) reúne unha serie de recursos humanos, técnicos e materiais que fan desta compañía unha das máis estables de Galicia e un punto de encontro imprescindible para os profesionais do sur do país, así como unha referencia no panorama teatral galego. Ao longo desta traxectoria levaron aos escenarios unhas 25 montaxes teatrais de autores clásicos e contemporáneos, tanto galegos como estranxeiros, así como versións/adaptacións de novelas, contribuíndo deste xeito ao enriquecemento do teatro galego. Esta compañía está presente desde a súa fundación na maioría dos concellos galegos por medio da rede de teatros e dos circuitos teatrais ou en campañas de captación de público escolar, e tamén en numerosos festivais e xornadas teatrais tanto de Galicia como do resto de España e Portugal.

Autoría: Paula Carballeira,
María Armesto, Santiago
Cortegoso

Dirección: Etelvino Vázquez

Escenografía: Pablo
Giráldez "O Pastor"

Iluminación: Etelvino Vázquez

Son: Anxo Graña

Vestuario: Sonia Rúa

Música: Anxo Graña

Elenco: Casilda Alfaro, Pepa
Barreiro, Marián Bañobre,
Santiago Cortegoso,
Fran Paredes, Sonia Rúa,
Salvador del Río

Tel.: 986 304 817 / 654 464 360
teatrodeningures@hotmail.com,
info@teatrodeningures.com
www.teatrodeningures.com



HOMES... MULLERES: O PARAISO TERREAL

Martes 19 | 10.30 h | Sala Mozart (Auditorio de Galicia)

Infantil de 3 a 7 anos | Monicreques | 50 minutos

GALITOOON

Botazz! O swing do jazz

Un can, dous gatos, un rato e catro músicos, sobre o escenario. Botazz é un can cheo de pulgas que vive feliz ata o día en que perde o seu maior tesouro: o seu oso, roubado polos gatos vándalos do barrio. Toz e Moko, os dous gatos tolos e pícaros, gozan amolando a Botazz e a Timo, un pequeno rato ao que tamén lle roubaron o seu ben querido: o seu queixo. Pero a sorte de Toz e Moko cambiará cando Botazz e Timo se coñezan e decidan urdir un plan para recuperar os seus tesouros. De que vai o plan? Quen lles axudará a Botazz e a Timo? Estas e outras cousas cóntanse en *Botazz! O swing do jazz*.

Galitooon é unha empresa galega de televisión, teatro e espectáculos que fusiona técnicas e medios nunha constante experimentación por atopar un selo propio e un modelo creativo de negocios baseado en contidos intelixentes. Entre os seus traballos en televisión destacan o galo Cecilio de *Supermartes*, as vacas Pinta e Marela de *Luar* ou o programa *Cousiñas*. No eido teatral, cómpre citar a varias veces premiada *Golulá*, ademais de *Babiliglub* e *Rosalía, a pulga que escribía*, coas que a compañía segue xirando por Galicia, por todo o resto do Estado e, tamén, polo exterior (Cuba, Portugal...).

Autoría: Luis Miguel Rodríguez,
Santiago Alonso

Dirección: Luis Miguel Rodríguez

Escenografía: Santiago Alonso

Iluminación: Dani Abalo

Son: Dani Abalo

Vestuario: Lola Gómez

Música: Raymundo Salazar

Elenco: Chisco Casteleiro,

Santiago Alonso, Xurxo

Cortázar, Rogelio Lema

Músicos: Lucas Fixel (batería),

Rafael Fernández (guitarra),

Antonio Bello (contrabaixo),

Manuel Otero (trompeta)

Tel.: 981 819 024 / 676 256 031

teatro@galitooon.com

www.galitooon.com

BOTAZZI! O SWING DO JAZZ



Martes 19 | 12.00 h | Teatro ARTeria Noroeste-SGAE

Infantil de 7 a 12 anos | Monicreques | 60 minutos

LA ROUS

La casa del abuelo

O avó vive na súa rutina: lávase á mesma hora, almorza á mesma hora, pasea á mesma hora. Un día, as súas pernas deciden deixar de camiñar e, pouco a pouco, vaixe apagando.

Cando o avó se vai para sempre, os que quedan constrúen unha casa moi preto del para que non se sinta só.

Así continúa a historia: placidamente, abrindo e pechando caixóns; lembrando con cariño, "a través da maxia dun escritorio", o que foi a súa vida.

Din que os que se van sobreviven grazas á lembranza que deles perdura nos que os amaron...

La Rous é unha compañía creada o 8 de agosto de 2008 por Rosa Díaz, actriz, directora e autora de teatro desde 1984.

Rosa Díaz formou parte de compañías como Teatro Fénix, de Albacete, da que foi fundadora; a compañía de rúa Johannes Vardar, de Cataluña, e Cambaleo Teatro, de Madrid. Colaborou con La Tartana Teatro e Comediants participando na cabalgata Expo do 92. Residente en Granada desde o ano 1992, crea en 1993 a compañía Lavi e Bel, e no ano 1999, Lasal Teatro.

Nos últimos anos Rosa Díaz dedicouse exclusivamente ao traballo de dirección, desenvolvendo o seu labor en compañías como Gar Producciones, de Donostia; Vagalume Teatro, de Granada; L'Home Dibuxat, de Castelló (candidato aos Premios Max 2009); Axioma Teatro, de Almería; Karlik Danza Teatro, de Extremadura, e La Maquiné, de Granada.

O seu primeiro traballo como compañía La Rous é *La casa del abuelo*, coa que obtivo o premio ao mellor espectáculo no festival de teatro para nenos e nenas Feten 2009.

Autoría: Rosa Díaz

Dirección: Rosa Díaz,
Maurizio Zabaleta

Adaptación: Rosa Díaz,
Ángeles Jiménez

Escenografía: José Toral

Iluminación: Retalo 2004

Son: Maite Campos

Vestuario: Ángeles Jiménez

Música: Mariano Lozano-P

Elenco: Rosa Díaz

Tel.: 958 124 305 / 619 420 026

larousteatro@gmail.com

www.larous.es

A woman with long dark hair and a wide-eyed, shocked expression looks towards the camera. In the foreground, a marionette with a prosthetic eye is visible. The prosthetic eye is a dark, circular object with a white lens and a metal frame, attached to a chain. A small white tag with the word "FRACTIS" and "TYPE 30" is attached to the chain. The marionette has a white, textured body and a small, light-colored head with a black dot for a nose. The background is dark and out of focus.

LA CASA
DEL ABUELO

Martes 19 | 16.30 h | Aula de Cultura de Caixa Galicia

Adulto | Teatro de actor | 70 minutos

SANTIAGO CORTEGOSO

A filla de Woody Allen

O punto de partida de *A filla de Woody Allen* é o inicio dunha viaxe; unha viaxe da protagonista na procura de seu pai, do cal só sabe que vive en Nova York e que lle manda un agasallo cada ano polo seu aniversario. Estes agasallos son tesouros para ela e constitúen un crebacabezas co que foi construíndo un mito que a acompaña no seu desenvolvemento vital. Atoparse con ese mito revélase como a vía para acadar a felicidade, pero tamén supón unha fuxida dunha vida cotiá insatisfactoria. Ela loita. É incansable. É vitalista. E pon todas as súas esperanzas nese ser descoñecido. A viaxe a Nova York é a viaxe a un mundo ideal; é a procura de algo por definir, unha interrogante vital que non sabe se será respondida.

Despois de anos de traxectoria profesional como actor en Teatro de Ningures, Morcego, A Factoría, Nove Dous e Balea Branca, como codirector da Aula Universitaria de Pontevedra e como autor: *El charco de Ulises* (Iberescena 2010), *0,7% Molotov* (Premio Dieste 2009), *Des-Memoria-2* (para Disque Danza), *Os cómicos dell'auto* (para Ningures), *Hámster* (Magalia 2008, Sala Triángulo 2009) e *Casa O'Rei. Traxicomedia gastronómica* (Ed. Morgante), **Santiago Cortegoso** promove o seu propio selo de creación para emprender proxectos teatrais dun xeito persoal e independente.

Autoría: Santiago Cortegoso

Dirección: Santiago Cortegoso

Coreografía: Carmela Bueno

Escenografía: Marián Bañobre

Iluminación: Salvador del Río

Son: Anxo Graña

Vestuario: Marián Bañobre,
Raquel Martínez

Elenco: Marián Bañobre

Tel.: 986 102 832 / 696 730 037

cortegoso@hotmail.com

www.afilladewoodyallen.blogspot.com



A FILLA DE WOODY ALLEN

Martes 19 | 18.00 h | Sala Capitol

Adulto | Teatro de actor | 105 minutos

LAGARTA LAGARTA

Cásting (a comedia)

Unha obra ou espectáculo sobre as probas, probas, probas, uf, uf... Probas para atopar traballo, para ser o que non somos, para amar ou para facer o amor, para competir...

En definitiva, sobre as túas probas, espectador ou espectadora, esas polas que xa pasaches ou as que aínda che queden por pasar.

lagarta lagarta, S.L. é unha empresa de produción teatral nada en 2001 que xorde da iniciativa de Ernesto Chao e Rosa Álvarez, dous actores de cumprida traxectoria profesional en Galicia. Creouse co espírito de facer aqueles espectáculos e proxectos polos que moitos actores esperan e aos que desexan enfrontarse, pero que, por diversas circunstancias, non se puideron levar a cabo no seu momento.

É, polo tanto, unha compañía que pretende estar aberta a todas aquelas propostas interesantes que poidan xurdir. Este é un dos motivos polos que non conta cun cadro fixo de profesionais (directores, actores, deseñadores, etc.), senón que, en cada caso, en cada produción, se buscan os máis idóneos.

Os seus máis recentes espectáculos son *As últimas lúas*, *Aeroplanos* e *O segredo dos Hoffman*, destacados nos últimos anos pola alta asistencia de público e moi valorados polos espectadores en canto a actores, interese do argumento e posta en escena.

Autoría: **Roger Justafre**

Dirección: **Rosa Álvarez**

Axudante de dirección:

Tero Rodríguez

Adaptación/tradución: **Roberto Salgueiro**

Escenografía: **Ernesto Chao**

Iluminación: **Alfonso Parra**

Vestiario: **Rosa Álvarez**

Deseño gráfico: **Erromar**

Interpretación gaita e piano:

J. Luís d. P. Orjais

Selección musical:

lagarta lagarta

Textos panel Led e textos off:

lagarta lagarta

Elenco: **María Bouzas,**

Ernesto Chao, Belén

Constenla, Rocío González,

Alberto Rolán

Voces en off: **María Liaño,**

Machi Salgado, Xosé Barato,

Xosé M. Olveira "Pico", Rebeca

Montero, Guille Carbajo

Tel.: 609 432 252 / 675 950 956

lagartalagarta@hotmail.com

lagartalagartaproduccion@gmail.com

www.lagartalagarta.blogspot.com

CÁSTING (A COMEDIA)



Martes 19 | 20.15 h | Teatro Principal

Adulto | Danza | 60 minutos

SÓLODOSNEODANS

Sólo dos

Sólo dos é un espectáculo formado por diferentes pezas de danza independentes entre si, a xeito de pequenos relatos bailados por dúas persoas.

Caracola (creada en 2007), *Nozomi* (2009), *Mareia* (2004) e *Vigilia en ausencia* (2010) son as catro pezas que conforman *Sólo dos*.

SÓLODOSneodans é un proxecto para comunicar e dialogar. Está aberto a unha pluralidade de obxectivos, e a procura é o principal motor artístico.

Ademais dos seus propios proxectos, SÓLODOSneodans traballa para diferentes estruturas relacionadas co mundo das artes escénicas; colabora asesorando, impartindo diversos obradoiros, asistencias de dirección coreográfica e creando proxectos escénicos para distintas institucións nacionais e internacionais.

Os seus últimos traballos son: *Reposo azul* (2008), creación para o Centro Andaluz de Danza de la Junta de Andalucía –dirixido pola coreógrafa Blanca Li–, que foi estreada no Teatro Central de Sevilla e programada no Teatro Fernando Fernán Gómez, dentro da programación de Los Veranos de la Villa de Madrid 08, así como na gala do II Certamen de Interpretación y Coreografía de Andalucía 09 no Teatro Central de Sevilla; e *Nozomi* (2009), peza estreada para a gala de danza Alicia Alonso no Real Monasterio de El Escorial, Madrid.

En 2009 encargouse da coordinación do departamento de formación, pedagóxico e residencias artísticas do Centro Coreográfico Galego.

En 2008 desenvolve o obradoiro de Creación no Centro Coreográfico de Le Pacifique CDC de Grenoble en Francia, baixo a dirección da coreógrafa Cristiane Blaisse, e o de Composición Coreográfica para a Asociación de Profesionais da Danza de Donostia, en Arteleku, Donostia. Nese ano participa tamén no Festival de danza na rúa Empape 08, A Coruña.

Autoría: **Maruxa Salas,**
Erick Jiménez

Dirección: **Maruxa Salas,**
Erick Jiménez

Escenografía:
SÓLODOSneodans

Iluminación: **Santiago Mañasco**

Vestuario: **Ruth D. Pereira,**
Paloma Alajarín e
SÓLODOSneodans

Música: **Rodrigo Leão,**
Julián Ávila, Nitin Sawhney
e Mercedes Peón

Elenco: **Amparo Novas,**
Manuel Garzón, Maruxa Salas,
Erick Jiménez

Tel.: 672 790 598 / 630 742 946
neodans@gmail.com



SÓLODOS

Martes 19 | 23.15 h | Salón Teatro

Adulto | Teatro de actor | 90 minutos

SARABELA TEATRO

O incerto señor don Hamlet

Hamlet recibe unha nova sorprendente: non é fillo do seu pai lexítimo (o rei envelenado), senón do seu tío Halmar, o asasino e usurpador do trono. A desolación e o vento apoderáronse de Elsinor.

Sarabela Teatro achéganos a unha obra única de Álvaro Cunqueiro, *O incerto señor don Hamlet*, texto lírico, intertextual e complexo que leva implícito ritmo, musicalidade e escrita marabillosa. Unha montaxe na que se equilibran as forzas: amor e morte.

Toda a traxedia xira arredor da responsabilidade humana nun mundo en descomposición. *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, establece pontes entre tradicións culturais. Cunqueiro toma o mito de Hamlet (príncipe histórico-lendario da Dinamarca do século I, que sería inmortalizado por Shakespeare) e fai del unha reinterpretación orixinal, mesturando o mito nórdico de Hamlet co clásico de Edipo e adaptándoo á sociedade actual. De amores malditos trata.

Recoñecida como unha das compañías máis consolidadas de Galicia, **Sarabela Teatro** leva 30 anos de traballo incesante nos que o compromiso coa realidade se manifesta en cada un dos seus espectáculos.

Autoría: **Álvaro Cunqueiro**

Dirección: **Ánxeles**

Cuña Bóveda

Escenografía: **Suso Díaz**

Iluminación: **Suso Díaz**

Son: **Renata Coda Fons**

Vestuario: **David Rubín,**

Ruth Díaz Pereira

Música: **Renata Coda Fons**

Elenco: **Josito Porto, Elena**

Seijo, Sabela Gago, Fernando

Dacosta, Nate Borrajo, Tito R.

Asorey, Suso Díaz, Fina Calleja

Tel.: 988 247 483 / 629 860 580

sarablateatro@yahoo.es

www.sarablateatro.com



O INCERTO
SEÑOR
DON HAMLET

Mércores 20 | 10.30 h | Sala Mozart (Auditorio de Galicia)

Infantil, de 7 a 12 anos | Teatro de actor | 80 minutos

GHAZAFELHOS

Frankenstein

Existe realmente Frankenstein?

Que pode agocharse tras un castelo escuro perdido no medio das montañas? Quizais algo que non quere ser descuberto ou quizais algo que espera que o descubran...

A Dra. Mon Champignon e o Dr. Pe Arrepío embarcanse nunha nova aventura para tratar de botar luz sobre tal misterio... Existe ou non o monstro de Frankenstein?

Ghazafellos nace en 2005 cando Montse Piñón e Pepablo Patinho forman unha compañía de teatro infantil e xuvenil. Logo de interpretar obras de monicreques e contacontos, como *A música de Sabela* e *A polo Rato Pérez*, ou *Contos de lobo*, fusionan as dúas expresións para crear *A orixe dos Ghazafellos*, unha obra de teatro infantil e xuvenil que se estreou o 14 de setembro de 2007 no auditorio municipal de Narón. En 2008 estrean *Prinssessass*. En 2009 estrean *Contos mariñeiros*, cunha moi boa acollida nos teatros. Nese ano tamén fan o pasacalles *Camiño a Samarcanda*, pequenas obras de formato medieval como *A queima da Bruxa* e espectáculos de rúa como *Contos para escagarriñarse*. En 2010 estrean *Frankenstein*, unha obra con grandes efectos de tremoia que introducen o espectador nunha fascinante aventura nas entrañas dun castelo.

Autoría: **Pepablo Patinho**

Dirección: **Pepablo Patinho**

Escenografía: **Ghazafellos, Leandro Lamas**

Iluminación: **Ana Díaz**

Son: **Jorge Casas**

Vestuario: **Montse Piñón**

Música: **Jorge Casas**

Elenco: **Montse Piñón, Jorge Casas, Pepablo Patinho**

Tel.: 606 569 549 / 606 940 331

pepablo.patinho@gmail.com

www.ghazafellos.es



FRANKENSTEIN

Mércores 20 | 12.15 h | Teatro ARTeria Noroeste-SGAE

Infantil | Monicreques | 30 minutos

TROPICALLO

O día que chegou unha nube e choveu

Había unha vez que non había nada máis que pedras. Entón chegou unha nube, choveu e formouse un manancial. Coa chegada da auga creceu a herba, e na herba, as flores e as árbores. Na auga naceron os peixes e as ras; despois chegaron os insectos, os paxaros, as ovellas, o lobo..., en fin, a vida. Pero, que acontece cando un día a auga desaparece?

A compañía **Tropicallo** fúndase no ano 1997 e está integrada por Luis González e Marián González, ambos cunha grande experiencia no teatro de marionetas.

Ata o momento levan estreados o seguintes espectáculos, case todos eles presentes nos principais circuitos e festivais do Estado: *Manoladas* (1998), *Drácula* (2000), *Jiñol* (2002), *Manolito Cama-león* (2003), *Nadarín* (2004), *Bolboreta* (2006), *Violeta coletas contra as salchichas Gulp* (2009) e *O día que chegou unha nube e choveu* (2010).

Autoría: Marián González,
Luis González

Dirección: Luis González

Escenografía: Tropicallo

Iluminación: Luis González

Son: Tropicallo

Vestuario: Marián González

Música: Tropicallo

Elenco: Marián González

Tel.: 981 534 134 / 679 449 970

emedous@emedous.com

www.tropicallo.com

A woman with short brown hair is shown in profile, looking towards the right. She is wearing a red garment. In the foreground, there are lush green leaves. To the right, a puppet bird with a green body and a brown head is perched on a wooden stick. The background is dark, suggesting a stage or a theatrical setting.

O DÍA
QUE CHEGOU
UNHA NUBE
E CHOVEU

Mércores 20 | 16.30 h | Aula de Cultura de Caixa Galicia

Adulto | Teatro de actor | 90 minutos

ABADA TEATRO CARLOS BLANCO

Ordem e progreso

A frase "Ordem e Progreso" aparece na bandeira do Brasil. Ordem e Progreso: algo absurdo nun país aparentemente feliz e caótico? Ordem e Progreso: *Carlos Blanco goes to Brasil*. Da man duns músicos de luxo: o Sergio Tannus Trío, unha ollada ao novo mundo, a ese Brasil recoñecible... e non tanto.

Abada Teatro empezou no outono de 2007, con *Humor neghro*, unha coprodución con Carlos Blanco. Esta obra, na que tamén actúa o músico Manecas Costa, estreouse en xaneiro de 2008 e acadou moitos éxitos que levaron á adaptación do seu formato para viaxar: *Africanizate*. En agosto de 2009 estreouse outra coprodución con Carlos Blanco, *Só*.

Autoría: **Carlos Blanco**

Dirección: **Carlos Blanco**

Adaptación: **Carlos Blanco**,
Sergio Tannus

Escenografía: **Carlos Blanco**,
Dani Juncal

Iluminación: **Dani Juncal**

Son: **Xurxo Piñeiro**

Vestuario: **Carlos Blanco**

Música: **Sergio Tannus Trío**

Elenco: **Carlos Blanco**,
Sergio Tannus Trío

Tel.: 981 576 574 / 636 485 604
info@abada.es | www.abada.es

A clay figure of a man with a beard and wide eyes, standing on a wooden beam against a green background. The figure is made of reddish-brown clay and has a surprised or intense expression. The background is a vibrant green with some blurred elements, suggesting an outdoor setting. The text "ORDEM E PROGRESSO" is overlaid in white, sans-serif capital letters across the middle of the image.

ORDEM
E PROGRESSO

Mércores 20 | 18.30 h | Sala Capitol

Adulto | Teatro de actor | 80 minutos

TEATRO DO ATLÁNTICO

Memoria de Helena e María

Nos meses previos á Guerra Civil, nunha vila de Galicia, prodúcese o primeiro encontro entre Helena e Manuel: "...e entrou el. Ao pasar ao meu carón sorriume, fitoume, e xa non houbo máis olladas nin máis soños. Amar. A miña vida comeza nel" (Helena. Escena VII).

A chegada da Guerra de 1936 vai levar a Manuel á fronte republicana, e a súa vida vai rematar en Albacete un ano despois: "Está enterrado nunha foxa común a doce quilómetros de Quintanar del Rey" (Helena. Escena I).

Á morte de Manuel, Helena, a súa viúva, fica na vila coa súa pequena filla, María, froito daquel amor, e con outra herdanza, deixada tamén polo seu home, que ha traer dramáticas consecuencias. Sesenta anos despois, por boca da súa filla, imos coñecer as características da tal herdanza e as consecuencias da súa conservación.

Polo medio, hospicio, convento, máis Guerra Civil, emigración, fariña de millo, memoria sensitiva, memoria histórica, lembranzas marabillosas, vinganzas, amores, soños, casa de bonecas, dozura... libros.

Teatro do Atlántico leva realizadas ata o momento 26 producións, entre as que cabe destacar *Casa de bonecas*, de Ibsen; *A noite das tribades*, de Olov Enquist; *O cerco de Leningrado*, de Sanchis Sinisterra; *O encoro*, de Conor McPherson; *A raiña da beleza de Leenane*, de Martín McDonagh, ou *Unha primavera para Aldara*, de Teresa Moure.

As súas producións son representadas por toda Galicia e teñen realizado xiras por case todas as comunidades do Estado español, con participación tamén en numerosos festivais nacionais e internacionais de teatro.

Autoría: **Roberto Salgueiro**

Dirección: **Xúlio Lago**

Escenografía: **Rodrigo Roel**

Iluminación: **Xúlio Lago**

Vestuario: **Susa Porto**

Música: **Fran Pérez "Narf"**

Elenco: **Lucía Regueiro, María Barcala**

Tel.: 981 678 103

608 380 471 / 618 256 424

teatrodoatlantico@yahoo.es

MEMORIA DE HELENA E MARÍA



Mércores 20 | 20.15 h | Teatro Principal

Adulto, a partir de 12 anos | Teatro de actor | 75 minutos

ELEFANTE ELEGANTE

In

Un espectáculo sensitivo e universal que indaga na representación contemporánea da figura social. A súa poesía visual nace da fusión do teatro coa danza, o vídeo e as artes plásticas. In significa "dentro" en inglés e "estar in" quere dicir "estar na moda". In xorde da ambivalencia entre o ser e o parecer. O de dentro, como a nosa identidade, e o de fóra, o aspecto que podemos manipular, disfrazar e cambiar. A confrontación do interior coa aparencia. Somos o que parecemos? Somos ou só parecemos? In foi creado a partir da peza *A voda dos pequenos burgueses* de Bertold Brecht e dos contos de Andersen e Grimm. A acción desenvólvese ao redor da celebración dunha voda. A actitude afectada e hipócrita dos noivos e convidados esgótase rapidamente para dar lugar a comportamentos de envexa, celos e luxuria, cun pseudoideal de beleza como pano de fondo.

O **Elefante Elegante** crea espectáculos de teatro visual baseados no xesto e no movemento. As súas creacións buscan a universalidade, xurdindo da fusión de diferentes linguaxes: o teatro físico, a danza, as artes plásticas e as artes visuais.

A compañía, de orixe galego-portuguesa, foi creada en 2007 por María Torres e Gonçalo Guerreiro e ten a súa sede na Coruña. Nace para dar forma artística ás súas inquedanzas sociais e existenciais.

O Elefante Elegante comezou como proxecto experimental no ano 2000 co nome de Teatro Escondido. Este proxecto viaxou durante sete anos entre Galicia, Bélxica e Portugal e del formaban parte actrices e actores de diferentes países europeos. A súa interacción baseábase no xogo corporal co obxectivo de desenvolver unha linguaxe teatral universal. Estes anos de experimentación foron fundamentais para que puidese nacer o Elefante Elegante. Os seus espectáculos foron acollidos en Galicia, Portugal, Bélxica, Suíza, Francia e Italia.

Autoría: **María Torres**

Dirección: **María Torres**

Adaptación: **Gonçalo Guerreiro**

Escenografía: **Gonçalo Guerreiro**

Iluminación: **Octavio Mas**

Son: **Germán Gundín**

Vestuario: **María Chenut**

Música: **Varios**

Elenco: **María Torres, Gonçalo Guerreiro, Ángela Blanco, Fredi Muiño, Nuria Sotelo**

Tel.: 981 914 554 / 663 031 778

goncalo@elefanteelegante.net

<http://www.elefanteelegante.net>



IN

Mércores 20 | 23.15 h | Salón Teatro

Adulto | Teatro de actor | 105 minutos

TALÍA TEATRO

Volpone

Unha divertida comedia que retrata satiricamente nobres e non tan nobres señores, que teñen como principal interese reunir fortunas sen importar o ridículo que teñan que facer nin o custo que outros teñan que pagar.

O señor Volpone é un nobre, dono de abundantes riquezas, que finxe estar no seu leito de morte co fin de enganar os que desexan herdar a súa fortuna, ofrecéndolles a través do seu criado, o astuto Mosca, ser os seus únicos herdeiros.

Nesta comedia poderemos rirnos de nós mesmos ao ver unha historia que fala dun dos nosos peores defectos: a corrupción.

Volpone é un texto orixinal de Ben Jonson escrito no ano 1606, un dos textos clásicos máis representados na época que agora presenta Talía Teatro versionado e dirixido por Roberto Salgueiro e que será representado por un elenco de nove actores nunha proposta escenográfica e de vestuario moi fiel á orixinal.

Desde a constitución da compañía hai xa vinte anos, **Talía Teatro** leva estreados vintecinco espectáculos. Actualmente mantén en repertorio sete espectáculos de distinto formato.

A súa liña de traballo caracterízase por enfocar as montaxes a un amplo abano de públicos, desde aquelas dirixidas a público infantil, como *Menos lobos*, *Valentino Rufini* e *Ákil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)* e *Mundos contados* (contacontos), e a público xuvenil/adulto, como *Bicos con lingua* e *Quero ser grande*, ata aquelas que teñen como principal destinatario o público adulto, caso das obras *E ti, quen vés sendo?* e *Palabras encadeadas*.

Autoría: Ben Jonson

Dirección: Roberto Salgueiro

Adaptación: Roberto Salgueiro

Escenografía: Roberto Salgueiro

Iluminación: Roberto Salgueiro

Son: Dani Trillo

Vestuario: Roberto Salgueiro

Elenco: Artur Trillo, Toño Casais, Dani Trillo, Diego Rey, María Ordóñez, Marta Ríos, David Creus, Gustavo G. Dieste, Rubén Prieto

Tel.: 981 943 242 / 630 877 153

info@taliateatro.es

www.taliateatro.es



VOLPONE

Xoves 21 | 12.00 h | Teatro ARTeria Noroeste-SGAE

Infantil de 7 a 12 anos | Teatro de actor | 45 minutos

CARAMUXO TEATRO

Mensaxe sen botella

Unha caixa. Un mundo dentro dunha caixa. Esta é a historia das mensaxes que viaxan en botellas. Dá igual o río ou o mar onde tires a túa mensaxe, porque pasará polo tellado do señor Janpierre Dumont para chegar ao seu destino. O señor Dumont non traballa só, non podería facer ben o seu traballo sen a inestimable axuda do seu paxaro Gastón. Unha noite, unha botella chega sen mensaxe. Algo novo vai suceder; será a presenza da señorita Anette Bloise a que traerá algunha que outra sorpresa...

Caramuxo Teatro nace no ano 2003 como compañía especializada no público infantil e familiar. Desde o seu inicio produce espectáculos como *Lazarillo*, *Historia dunha semente*, *Animaliños*, *Os Bolechas*... En 2005 estrea o primeiro espectáculo para bebés feito en Galicia: *Glub, Glub*. Continúa o traballo para a primeira infancia coa estrea de *Zapatos* no ano 2008.

Como compañía, asistiu nos últimos anos a diferentes mostras, programacións e encontros de teatro infantil, como Encuentros TeVeo, Domingos do Principal, Salón do Libro de Pontevedra, Mostra Internacional Titeres a la Vall d'Albaida, Galicreques e Xira 125 anos do Teatro Galego, entre outros.

Autoría: Juan Rodríguez,
Laura Sarasola

Dirección: Olga Margallo,
Caramuxo Teatro

Escenografía: Iván Rodríguez

Iluminación: Lino Braxe

Son: Suso Jalda

Vestuario: Ana Belén López

Música: Caramuxo Teatro

Elenco: Juan Rodríguez,
Laura Sarasola

Tel.: 699 521 803 / 610 848 781
info@caramuxoteatro.net
www.caramuxoteatro.net

MENSAXE
SEN
BOTELLA



Xoves 21 | 16.00 h | Sala Mozart (Auditorio de Galicia)

Adulto | Teatro de actor | 70 minutos

HISTRIÓN TEATRO

Del maravilloso mundo de los animales: los corderos

Gómez aparece atado e vendado na casa de Berta, á que non ve desde hai vinte anos. Descoñece as razóns pero tanto ela como o seu veciño Fermín rexeitan, tras conversar con el de certos temas delicados do pasado, darlle as explicacións que pide. Nun momento violento da conversa aparece Tono, amigo íntimo de Gómez no pasado e recentemente separado de Berta, coa que ten unha filla. A presenza da filla na casa precipita un final inesperado para todos.

A familia, os amigos, o barrio... ou a figura do bo veciño semellan rodeados dun halo escuro de violencia... a vida segue para todos.

Histrión Teatro nace como empresa no ano 1994 e desde entón leva desenvolvendo unha actividade continuada no eido do teatro profesional tanto para adultos como para nenos.

Producións: *Volpone* ou *El zorro*, de Ben Jonson (1994); *El ladrón de sueños* (infantil, 1995); *Tartufo, el impostor*, de Molière (1996); *Cyrano de Bergerac*, de E. Rostand (1999); *Un, dos, tres, esperando a Vert* (infantil, 2000); *Juana la Loca* (2001); *Cada mochuelo a su olivo*, de Quevedo (2002); *Amor de D. Perlimplín con Belisa en su jardín*, de Lorca (2003); *Farsa y licencia de la reina castiza*, de Valle Inclán (2004); *El casamiento*, baseado en contos de Chéjov (2005); *Juana, la reina que no quiso reinar*, con textos de Jesús Carazo (2006); *Macbeth*, de Shakespeare (2007); *Del maravilloso mundo de los animales: los corderos* (2009).

Desde a estrea do seu primeiro espectáculo en 1994, *Volpone* ou *el Zorro*, na Feria de Teatro de Palma del Río (Córdoba), onde acadou o premio á compañía revelación, foron moitos os galardóns acadados por Histrión Teatro en diferentes feiras, certames e festivais, entre outros, mellores espectáculo, actriz, actriz de elenco e premio do público por *Tartufo, el impostor* no XIX certame Arcipreste de Hita, así como mellor espectáculo e escenografía na Feria de Teatro en el Sur de 1997; premio do público para *Cyrano de Bergerac* na Feria de Teatro en el Sur na súa edición de 1999, así como á mellor actriz no Festival de Teatro Alcarreño (2000); premio Jovellanos 2002 ao mellor texto orixinal para *Juana la Loca*; mellor vestuario para *Cada mochuelo a su olivo* en 2003 na Feria de Teatro en el Sur; e con *Amor de D. Perlimplín con Belisa en su jardín* obtivo os premios á mellor montaxe escénica, dirección, actriz, actor e vestuario na Feria de Teatro en el Sur en 2004.

Autoría: Daniel Veronese

Dirección: Daniel Veronese

Escenografía: Daniel Veronese

Iluminación: Juan Felipe Augustín

Vestuario: Histrión Teatro

Elenco: Gema Matarranz,
Paco Inestrosa, Manuel Salas,
Enrique Torres, Elena de Cara

Tel.: 958 222 746 / 646 641 769

histrion@moebius.es

www.histrionteatro.es



DEL
MARAVILLOSO
MUNDO
DE LOS
ANIMALES:
LOS
CORDEROS

Xoves 21 | 18.30 h | Sala Capitol

Adulto | Danza | 50 minutos

LA MACANA

Shure PG48

Hoxe lin isto sobre ti: _ Un micrófono para voz, excelente para oradores. _ Cardioidide, dinámico e personalizado. _ Para obter maior resposta a frecuencias baixas, achéguese ao micrófono. _ Para minimizar a captación de son de manipulación non desexado, evite manipular de forma excesiva os micrófonos para voz. _ Sosteña os micrófonos para voz pola empuñadura e non cubra a grella coa man. _ Se a resposta desexada é son robusto, poña o micrófono a menos de 10 cm de distancia da boca, directamente diante do micrófono. _ Non deixe caer o micrófono. _ Manteña o micrófono seco e evite expoñelo a niveis extremos de temperatura e humidade. _ Limpe o micrófono e o cable cun pano seco cando sexa necesario. Penso que non te coñecen o suficiente.

La Macana, compañía residente en Galicia formada no ano 2009, nace da man dos creadores e intérpretes Caterina Varela (A Coruña, 1983) e Alexis Fernández (Santiago de Cuba, 1975), que, despois de traballaren xuntos en diferentes compañías como Experimentadanza, Centro Coreográfico Galego e Entremans, deciden asumir de maneira independente o seu labor creativo. Para a compañía Entremans, cofundada por Alexis Fernández, firman o seu primeiro traballo como dúo, a peza *Ven*, estreada en marzo de 2008 en La Habana, coa que conseguen o primeiro premio, premio do público e premio da crítica no Certamen Coreográfico de Madrid do ano 2008. Esta peza mostrouse en diferentes cidades de España, Cuba, Alemaña, Suecia, Brasil, Francia, Portugal, Italia e Luxemburgo.

A primeira peza de La Macana como produción propia é *Shure PG48*, creada e interpretada por eles mesmos, que conta cunha residencia de creación, en outono de 2009, en Espaço do Tempo (Montemor o Novo, Portugal), e que se estrea en xaneiro de 2010 no Teatro Ensalle (Vigo).

Colaboran con Ember, plataforma artística formada pola catalá Laura Arís e o vasco Jorge Jáuregui, no cuarteto Cola de Gallo, que se crea entre Galicia, Barcelona e Bilbao e se estrea en maio de 2010 no festival Trayectos, de Huesca.

Autoría: **Caterina Varela, Alexis Fernández**

Dirección: **Caterina Varela, Alexis Fernández**

Iluminación: **Octavio Mas**

Vestuario: **La Macana**

Música: **Vitor Joaquim**

Elenco: **Caterina Varela, Alexis Fernández**

Tel.: 670 279 805 / 661 892 719
correoparalamacana@yahoo.es
www.blogdelamacana.blogspot.com



SHURE PG48

Xoves 21 | 20.15 h | Teatro Principal

Adulto | Teatro de actor | 90 minutos

PRODUCCIÓNS TEATRAIS EXCÉNTRICAS

Un cráneo furado

Os feitos acontecen nun país de chan acedo e alta pluviosidade. A emigración e un catolicismo escéptico fan parte do ADN. Podía ser Connemara como podía ser Bergantiños. É máis que aldea e menos que vila. No cemiterio arredor dunha cova aberta convócase toda a curiosidade e a malicia dos superviventes.

O enterrador local, Mick, ten que trasladar os restos da súa esposa, morta sete anos atrás en accidente de tráfico. Pero hai moitos que pensan que non foi un accidente. Entre eles, Tom, un policía local. E Mary-Johny, que prefire non dicir nada, porque aínda é media prima do enterrador. Ademais, hai un rapaz, confundido pola vida nocturna, que serve de axuda ou de estorbo a Mick, o sospeitoso.

Non é unha peza de terror, non é un policial inglés, non é unha serie de TV de forenses, non é unha festa dos Defuntos... mais ten un pouco de todo.

PT. Excéntricas é a produtora dos espectáculos de Mofa&Befa (Victor Mosqueira e Evaristo Calvo), pero estende a súa actividade a outras producións teatrais que non se limitan á actividade do mítico dúo cómico, tan admirado e copiado.

Dos espectáculos de Mofa&Befa cómpre subliñar *Shakespeare para ignorantes* (a obra máis vista en Galicia no primeiro trimestre de 2010), *Sempre ao lonxe*, *Finismundi circus* e *Para ser exactos*. Entre outros tipos de producións, destacan *Obra* e *Espantoso*.

Por pedimento de empresas e institucións públicas, Excéntricas fixo espectáculos *ad hoc*, como a presentación do Plan Galego das Artes Escénicas, Xornadas do Igape, Parlamento Galego, Premios Mestre Mateo, Parques Tecnolóxicos, Instituto Cervantes de Lisboa, etc. Tamén apoia proxectos unipersoais, como os traballos musicais de Piti Sanz ou as performances de Quico Cadaval.

A compañía foi convidada a festivais como Clásicos en Alcalá, Almagro, Almada, Titirimundi, Autonomías de Madrid, Iberoamericano de Bogotá, etc.

Autoría: **Martin McDonagh**

Dirección: **Quico Cadaval**

Tradución: **Avelino González**

Escenografía: **Kukas**

Producións Artísticas, S.L.

Iluminación: **Baltasar Patiño**

Son: **Piti Sanz**

Música: **Piti Sanz**

Elenco: **Dorotea Bárcena,**

Evaristo Calvo, Víctor

Mosqueira, Santi Romay

Tel.: 981 577 466 / 658 882 227

ruben.excentricas@gmail.com

www.excentricas.net



UN CRANIO FURADO



Xoves 21 | 23.15 h | Salón Teatro
Todos os públicos | Circo | 90 minutos

LUSCO E FUSCO, ARREPENTIMENTOS DE PADRÓN, ROCES E GOCES, DUELIRIUM, ALMACABRA TEATRO-CIRCO

Circo á feira: racións de Novo Circo Galego

Circo á feira é unha degustación do que se coce no caldeiro do Novo Circo Galego, un espectáculo que reúne extractos de cinco producións de compañías galegas: aéreos, acrobacias, *clown*, teatro e malabares xuntos nun dispositivo escénico contemporáneo.

Duelirium, Aviadoras. Acrobacias aéreas artelladas para contar a historia de dúas mulleres excepcionais, a norteamericana Tiny Broadwick e a soviética Marina Raskova.

Almacabra, Nas nubes. Proposta visual e poética, dirixida a un público familiar, na que se combinan acrobacias aéreas, malabares, zancos e manipulación de obxectos.

Lusco e Fusco, Encontros (teatro acrobático). Espectáculo multidisciplinario no que o teatro físico, a danza e o novo circo se conxugan para crear un código propio de expresión.

Arrepentimentos de Padrón, ADN (teatro físico-científico). Proxecto dun espectáculo de teatro que mestura a interpretación de dous actores coa proxección audiovisual para narrar unha historia dramática cos recursos cómicos do *clown*.

Roces e Goces, Rocés e Goces (*clown* malabarístico) ao máis puro estilo de rasca e pica e con diferentes habilidades circenses. Estes dous *clowns* pasados de rosca fan da violencia unha brincadeira.

Pasen, vexan e compren a ración completa para o seu concello particular.

Circo Galego. Calidade de confianza.

Autoría: creación colectiva

Produción: Asociación de Novo Circo Pistacingo

Elenco: Pablo Reboleiro, Alfredo Pérez Muíños, Antón Coucheiro, Borja Fernández, Raquel Oitavén, Mercé Solé, Sue Moreno, Alfonso Medina, Aitor Garuz, Vanesa Rivas, Yolanda Paz

Organiza: Asociación Galega de Novo Circo e Cabaré Pistacingo

Apoios: Pistacatro, Salanasa, Colectivos Pistacingo, Pistacatro, Manicomimos, Malandraxe e Circonove

Tel.: 981 937 825

pistacingo@gmail.com

<http://circonove.blogspot.com/>





CIRCO À FEIRA: RACIONES DE NOVO CIRCO GALEGO

SHOWCASES DE DANZA



Martes 19 | 13.05 h | Adro do Teatro ARTeria Noroeste-SGAE

Danza | 15 minutos

DLOIRA

Tulipanes

A capacidade de sentir e amar distinguenos como seres humanos. Sobre a capacidade e a incapacidade de sentir e amar. Entre os persas, o tulipán é unha ofrenda que un mozo lle fai á súa amada. Ao ofrecerlle un tulipán, dille: "así como é de vermella esta flor arde o lume do amor dentro de min".

Tel.: 686 696 022

davidloira@hotmail.com

<http://davidloira.blogspot.com/>

Autoría: **David Loira**

Dirección: **David Loira**

Axudante dirección: **Carlos Neira**

Axudante coreografía: **Kirenia Martínez**

Escenografía: **David Loira**

Iluminación: **Octavio Mas**

Música: **Colaxe musical**

Intérprete: **David Loira**



Mércores 20 | 12.50 h | Adro do Teatro ARTeria Noroeste-SGAE

Danza | 15 minutos

ENTREMANS

Sí quiero

Rodando volves encontrar un anaco de min
que quedou atorado na túa gorxa, estou preto...
medindo as distancias, agora podes
respirar os perdóns que nos devolvemos
despotricando bicos sen esquecer que
sempre seremos dous nunha mesma roda....

Autoría: Armando Martén,
Beatriz Pérez

Dirección e coreografía: Armando
Martén, Beatriz Pérez

Vestuario: Armando Martén,
Beatriz Pérez

Música: Colaxe musical

Intérpretes: Armando Martén,
Beatriz Pérez

Tel.: 981 131 819 / 630 867 712
entremans@artestudioxestioncultural.com
<http://ciaentremans.blogspot.com>



Xoves 21 | 12.50 h | Adro do Teatro ARTeria Noroeste-SGAE
Danza | 15 minutos

JANET NOVÁS

Cara pintada, el salto de la rana y otras pequeñas historias

“O meu corpo como un pequeno país, como un obxecto para representar pequenas historias que se converten nunha. Bocas abertas, sedentas, afogadas no seu propio choro ou na súa propia gargallada, sons enxordecedores e invisibles. Só hai un obxectivo, sentir algo, non importa qué”.

Autoría: **Janet Novás**

Dirección e coreografía:
Janet Novás

Escenografía: **Janet Novás**

Iluminación: **Pedro Fresneda,
Antón Ferreiro**

Vestuario: **Juana Rodríguez**

Son: **Haru Mori**

Música: **Haru Mori**

Intérprete: **Janet Novás**

Tel.: 659 474 719

janet.janetnovas@gmail.com

<http://janetnovas18.blogspot.com>





Colaboran:

